

Convocatoria da sesión extraordinaria do Peno para o mércores, 27 de agosto de 2025, ás 10:00 horas

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **extraordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 27 de agosto de 2025

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/19345K PRESIDENCIA

Toma de posesión da deputada provincial dona Sherezade Núñez Rodríguez.

1. 2025/19347T PRESIDENCIA

Toma de posesión do deputado provincial don Xosé Carlos Valcárcel Doval.

3. 2025/18726T PRESIDENCIA

Aprobación da delegación na Deputación Provincial do exercicio da competencia de recadación en voluntaria e executiva dos gastos derivados de execucións forzosas e do exercicio das facultades de recadación en voluntaria e executiva das multas por infraccións ao texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como ás ordenanzas municipais de circulación do Concello de Allariz.

4. 2025/19093E PRESIDENCIA

Aceptación da delegación de competencia formulada polo Concello de Castrelo de

Miño, solicitando a tramitación do expediente expropiatorio para execución do proxecto “Residencia para Maiores en Vide”, no termo municipal de Castrelo de Miño.

5. 2025/19093E PRESIDENCIA

Avocación de competencia polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense para a aprobación inicial do expediente expropiatorio do proxecto “Residencia para Maiores en Vide – Castrelo de Miño” (uso dotacional U3, tramitación urbanística conforme á Lei do Solo de Galicia).

6. 2025/19438E PRESIDENCIA

Expediente número 8/2025 de modificación de créditos do Orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, consistente na concesión dun suplemento de crédito, financiado pola baixa por anulación dun crédito orzamentario.

7. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA

Dación de conta da Presidencia sobre a situación dos lumes na Provincia de Ourense.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.